

CODO CON CODO

XULLO 2020

#COVID_19

TODOS A UNHA

NA PRIMEIRA LIÑA



**MISIÓN
AXUDAR**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



**SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE**

**Área Sanitaria de Lugo, A Mariña
e Monforte de Lemos**

Subdirección de Humanización e Atención á Cidadanía

Contextualización

Como sabemos a pandemia por Covid-19 é unha das maiores traxedias humanas e sanitarias que viviu a humanidade nos tempos modernos. Todo empeza o 31 de Decembro 2019 en Wuhan, aparecen 27 casos de pneumonía atípica de orixe descoñecida. En febreiro o virus expandíase rapidamente por todos os países, o 11 de Marzo a OMS declara o Covid-19, pandemia global. O 12 de Marzo, recoméndase aos cidadáns que non saian das súas casas. Comeza a circular o hashtag #YoMeQuedoEnCasa, ese inimigo invisible chegara de forma sibilosa e violenta, para quedar. E así, o 14 de Marzo, o Goberno de España establecía o confinamento mediante declaración do Estado de alarma.

A partir de aí creceu a sensación dunha liberdade que quedou en desacougo e espera. Fomos unha sociedade enclaustrada.

Mención especial a todos os profesionais da saúde, esquecéndose deles mesmos, afastados das súas familias, arriscados ao contaxio, conciliando un difícil soño dentro deste pesadelo. Atendendo aos coidados e ao benestar, en cada quenda en cada día de pelexa contra o inimigo invisible. É nesta situación crítica, cando a profesionalidade se converte na bandeira que guía unha atención máis humanitaria, se cabe, poñendo en valor os principios e valores éticos e deontolóxicos dos profesionais.


Son aplaudidos cada día. Son recoñecidos, mesmo polos máis pequenos que premian o seu traballo con inocentes debuxos nas xanelas dos fogares de todo o noso país. E por iso que se hai cousas positivas que se poden extraer desta gran crise sanitaria é que, por unha vez, acordámonos dos valores importantes da vida. De recoñecer ás persoas ás que máis debemos, aos nosos maiores, aos nosos pais e avós. De recoñecer a importancia da solidariedade, da unión, da cooperación para deixar atrás o individualismo. De aprender dunha situación que require de nós o maior dos empeños e sacrificios. Agora máis que nunca traballamos en equipo, a unha soa voz, para dar unha resposta adecuada e proporcionada fronte a esta nova enfermidade: temos un só mundo e unha soa saúde.

Traballouse con calma, rigor, prudencia e avaliando sempre unha situación cambiante, chea de incertidume respecto a cal podía ser a súa evolución a curto, medio e longo prazo.

Xestión da pandemia

Cando se dá unha conxuntura como a actual, na que os bens primordiais, como a saúde pública e os dereitos das persoas entran en conflito, nun contexto de máxima administración de recursos, atopámonos cuns conflitos éticos, por exemplo, conflito entre garantir a seguridade dos doentes e a dos profesionais, os dereitos do doente ao acompañamento nos distintos momentos do seu proceso asistencial, de modo especialmente relevante ao final da súa vida.

Afortunadamente Lugo non foi tan magoado, pola vantaxe de contar coa información que se producía noutras partes de España e coa vantaxe da dilación coa que a pandemia chegou a Lugo, permitiu que a resposta da xerencia e do equipo directivo fose áxil, eficaz e conxunta, con estratexia de coordinación xa que ese tempo extra permitiu cambiar circuitos, adaptar protocolos, crear un comité de crise e involucrar á atención primaria, fundamental en todo o esquema. Traballando “De xeito conxunto”



Para manexar a pandemia, o HULA seguiu unha folla de roteiro claro: A principios de Marzo limitouse a actividade, non esencial, no hospital, mantívose a cirúrxica para doentes urxentes e a de doentes prioritarios en consultas hospitalarias, moitos profesionais fixeron teletraballo e potenciáronse as revisións telefónicas. O traballo en equipo Covid-19 arrincaba en boa medida en Urxencias, coa adecuada estratificación de pacientes atendidos en espazo e forma o máis conveniente posible para diminuír riscos e gañar en seguridade e confianza. Así é como nace o Proxecto “De xeito conxunto” e os valores á alza afloran como nunca.

Acciones Humanización Covid-19

- Cartas de ánimo e debuxos a pacientes e profesionais.
- Solidariedade e acción social, doazóns e posterior agradecemento da institución reflectido nun mural conxunto.
- Voluntariado. "Grupo Salto". Voluntariado Galego. Atención ás persoas maiores e en estado de soidade, a través vía teléfono
- Redefinición de circuítos en distintos espazos da estrutura hospitalaria. Apoio loxístico.
- Sinalización e adaptación de espazos UCI, plantas Covid, urxencias de pediatría e adultos.
- Cartelería con normas para acompañantes de pacientes ingresados, adaptados á fase de pandemia ata a normativa aplicada á desescalada e nova normalidade.
- Adhesión ao programa Responde coa Cruz Vermella. Tablets con vídeo chamadas.
- Celebracións:
 - Día do libro.
 - Día do neno hospitalizado.
 - Aniversarios de pacientes ingresados de Covid.
 - Altas pacientes Covid.
 - Día do doador, da man de ALCER
- Agradecementos e aplausos da cidadanía lucense.
- Cartas de pésame aos 28 finados por Covid na provincia de Lugo.
- Homenaxe aos profesionais sanitarios finados.
- Xestos solidarios dos profesionais para coa poboación máis vulnerable Proxecto "Fame cero", entregado ao banco de alimentos. Horto solidario, actividade
- Melloras para pacientes e profesionais :
 - Dietas de acompañante de pacientes maiores.
 - Televisión gratuíta. Hoteis para profesionais.
- Presenza en medios de comunicación e redes sociais. Conversacións optimistas.
- Conclusións: O positivo da pandemia





Cartas de ánimo para pacientes e profesionais

É unha iniciativa que leva por título “Cartas con corazón” co obxectivo de paliar a soidade e o illamento dos pacientes ingresados por Covid, tanto na hospitalización como na UCI, esta difícil situación de pandemia obrigou á poboación a recluírse nas súas casas, en pleno estado de alarma, para frear a curva de positivos que sacou o mellor das persoas, xestáronse accións colmadas de empatía, humanidade e solidariedade. A área de Humanización do HULA sumouse a outros 13 proxectos semellantes que se desenvolveron noutros hospitais de España e de Galicia, decontado activamos o procedemento para xestionar as 1.225 cartas e 300 debuxos que desde o 16 de Marzo ao 30 de xuño foron chegando vía telemática e que foron sementando mensaxes de luz e esperanza aos doentes e recoñecemento aos profesionais que coidaban deles, ademais de axudarlles no seu proceso patolóxico, implicáronse cento por cento con humanización e brindaron dous correos máis ao de humanización.eoxil@sergas.es. Eles mesmos, envoltos nos seus epis, leron as cartas despertando en ambos as mellores emocións. Recibimos cartas e debuxos dende os puntos máis recónditos da nosa xeografía e estranxeiro remitidas por persoas anónimas, voluntarios, asociacións, colexios, concellos, residencias de maiores.....un sen fin de xenerosidade, que humanizou a estancia aos pacientes que se atopaban

lonxe das súas familias.



Consulta la noticia [aquí](#)



Benquerido doente,

Con estas liñas tento facerche chegar as sensacións que vivimos os que estamos sans de momento, quero dicir, os que estamos fóra dun hospital. Sei que estes momentos son difíciles, estades hospitalizados, privados do agarimo do máis valioso que todos temos, a nosa familia e amigos, pero non estades sós, tedes a sorte de contar con excelentes profesionais que vos van a axudar, tanto técnica como emocionalmente. Cónstame que á parte de grandes profesionais son grandes persoas. Só vos pido que confíedes neles. Nós pouco podemos facer, só se nos pide que esteamos en casa, norma que eu creo que se está cumprindo. Eu procuro ler, falar por teléfono con familiares e amigos, ver algún programa de televisión, aplaudir ás 20h a todos os profesionais que nos están axudando a saír de isto... Estou convencida de que imos saír reforzados e, sobre todo, aprendendo a valorar as pequenas cousas que son as que merecen a pena.

Quero transmitirche moita forza, ánimo e, sobre todo, o meu agarimo para que che axude a soportar esta situación.

Marina Gómez Fernández



Debuxos para pacientes y profesionales

A crise sanitaria mobilizou aos alumnos dos colexios lucenses para crear distintas iniciativas de carácter solidario cun obxectivo común: encher de esperanza e optimismo o HULA Dende as súas casas, neste confinamento que interrompeu o seu último curso escolar pero non interrompeu as súas ganas de cambiar o mundo, crean ilustracións totalmente personalizadas coas que achegan o seu graíño de area.

Un arco da vella conformado por parte dos debuxos recibidos con mensaxes esperanzadoras imprime alegría no control de enfermería da planta Covid, “fai ilusión e emociona ver debuxos positivos mentres se traballa na recuperación da saúde” manifestaban os profesionais tras un duro traballo.



Solidaridade e acción social

Tamén foron numerosas as empresas que responderon á crise do COVID -19 virando a súa actividade produtiva cara á emerxencia sanitaria, toda unha batería de colaboracións para apoiar aos tres hospitais e centros de saúde da área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, suman máis dun centenar de entidades, entre empresas privadas de diferentes ámbitos, cadeas de distribución e marcas de alimentación, colectivos sen ánimos de lucro, organizacións sectoriais, centros educativos e institucións públicas, ata barberías, empresas de enerxía renovable de Lugo e escolas de baile figuran nesa lista de entidades que, de modo altruísta, puxéronse durante a pandemia ao servizo da sanidade pública e deron un paso á fronte para axudar e ante tanta onda de solidariedade a nosa xerencia deu unha resposta de agradecemento clara e contundente e fixo público un mural titulado “Moitas grazas pola solidariedade social”, no que parecen citadas todas as entidades que, dun xeito ou doutro, colaboraron, este mural expónse na entrada principal do HULA.



Consulta la



noticia [aquí](#)
[Más información](#)



Voluntariado grupo “SALTO”. Voluntariado Galego


Nove médicos xa xubilados ofrecéronse voluntarios -previo rexistro e alta en Voluntariado Galego- a prestar asistencia en Lugo, dende o servizo implantado por Sanidade para poder axudar ás persoas que están nas súas casas e que pensan que teñen coronavirus ou que teñen algún tipo de dúbida coa medicación que han de tomar durante o período de corentena.

Cando os usuarios chamaban ao teléfono de atención da Xunta, o 900 400 116, ofrecéuselles a posibilidade de que lles atendería un médico xa xubilado na súa consulta. Se accedían a esta opción, a prestación do servizo realizábaa un doutor que xa non exercía no hospital ou no centro de saúde, pero que si tiña os coñecementos necesarios para resolver as súas dúbidas, con respecto á enfermidade e aos seus síntomas.

É un servizo voluntario, que a Xunta puxo en marcha en toda Galicia, para evitar que se colapsasen os servizos de emerxencias dos hospitais, así como para evitar contaxios, no caso de que o paciente estivese infectado. Os doutores adscritos a esta experiencia piloto contaron coas ferramentas necesarias cos seus teléfonos de recepción de chamadas e con soporte informático para rexistrar as consultas que realizaran durante esta crise sanitaria.



Consulta la noticia [aquí](#)



Redefinición de circuitos internos y externos en la estructura hospitalaria

Dende Humanización prestouse o apoio loxístico necesario coa sinalización axeitada ás fases de pandemia e adaptación de espazos en Uci, plantas Covid, urxencias de adultos e pediatría. Desescalada con mensaxes claras á poboación, con óptica prudente e segura, sen perder o foco no “inimigo”, con cartelería que incluía normativa e consellos aos acompañantes.



O traballo en equipo, que se organizou no HULA, arrincou en boa medida en urxencias, o comité interno de xestión do Covid elaborou un plan de continxencia. Definíronse circuitos de atención en urxencia a casos sospeitosos de Covid-19, separando pacientes respiratorios e o non respiratorios. Creáronse tres portas de entrada a urxencias, unha para os pacientes respiratorios, outra para o non respiratorios e outro acceso para separar aos nenos. Fíxose a mesma operación en admisión, unha vez pasaban a un triaxe, seguían un fluxo distinto para que non coincidisen e tamén os acompañantes estaban en espazos diferentes para evitar a propagación . Nos pacientes respiratorios realizouse unha subdivisión, os de alto risco e os de baixo risco, esta actuación de estratificar estes pacientes



resultou realmente eficaz , se o resultado era positivo e precisaba ingreso, a circulación era exclusiva por un itinerario seguro e direccionado ata chegar a planta ou UCI ,con cartelería ad hoc e sinalización concreta para cada caso, A xestión durante unha pandemia require un alto grao de axilidade na resposta e plasticidade nas persoas. Todas as estruturas hospitalarias deben adecuarse a unha situación para a que non foron concibidas e todo o persoal debe poñerse ao servizo dunha enfermidade que condiciona todas as decisións Ser capaz de adaptarse e de tentar adiantarse ao que vai ocorrer son as



claves do éxito.



VER noticia [AQUÍ](#)

Cartelería con normas para acompañantes de pacientes ingresados, como usuarios de consultas externas, probas diagnósticas, partos, hospitais de día e centros de Atención Primaria.

Adaptada á fase de pandemia cos consellos axustados á desescalada e nova normalidade, ademais implementáronse medidas para gardar a distancia de seguridade, e as recomendacións sanitarias que deberán seguir de forma individual e a disposición dos produtos de hixiene necesarios, reforzando a importancia dunha adecuada hixiene de mans e a aplicación da solución hidroalcohólica.



SERVIZO GALEGO de SAÚDE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

XUNTA DE GALICIA

ACOMPANHANTES DE PACIENTES NESTE CENTRO

Por motivos de seguridade só se permite **un acompañante por paciente** que deberá ser menor de 70 anos.

Os acompañantes non deberán presentar síntomas respiratorios agudos


Manteña a **distancia interpersonal de seguridade** de 2 metros.

É preciso o uso da **máscara**.

Non use luvas.

Lave as mans con frecuencia con **auga e xabón** ou cunha solución hidroalcohólica.

GRAZAS



O HULA facilita o contacto por vídeo chamadas entre pacientes con coronavirus e as súas familias

O HULA puxo á disposición dos pacientes hospitalizados con coronavirus unha ducia de 'tablets' electrónicas para que realizasen vídeo chamadas cos seus familiares. O obxectivo era que os doentes, ingresados en hospitalización convencional ou en UCI, poidesen comunicarse e compartir tempo cos seus seres queridos, propiciando unha mellor recuperación e rompendo o illamento no que debían permanecer.

Coa axuda de profesionais de Enfermería do hospital, os pacientes hospitalizados nas áreas dedicadas á atención de Covid-19, tanto en plantas Covid como na UCI, poideron realizar chamadas a través destes dispositivos electrónicos ás



súas familias e seres queridos, a quen non vían desde o seu ingreso por coronavirus.

Esta iniciativa vai dirixida fundamentalmente ás persoas que non dispoñen dun teléfono móbil adecuado ou que non teñen un dominio suficiente

das novas tecnoloxías. Lógrase con ela mellorar a atención a estes pacientes, facilitando o seu contacto co exterior, xa que as únicas persoas, que poden visitalas a diaria, son os profesionais que lles prestan atención sanitaria e coidados.

A posta en marcha do sistema de vídeo chamadas foi posible grazas á rápida resposta da Cruz Vermella, a través do seu programa Responde, que se encargaron de prover tanto dos dispositivos como dos cartóns SIM necesarias.



Ver noticia [aquí](#)

Celebracions en tempos Covid-19

Día do libro especial pacientes Covid

O HULA celebra o Día do Libro regalando exemplares aos seus pacientes, acompañados de marcapáxinas Covid-19, doados por particulares e pola Consellería de Cultura. Transportados en dous carriños moi especiais, doados pola cafetería do Hospital, o xerente, acompañado por membros da dirección, achegaron os libros ás plantas Covid, persoal de enfermería envolvidos nas súas epis aproximáronlles exemplares a cada paciente.



Día do neno hospitalizado

O 13 de maio, os nenos hospitalizados son os protagonistas desta data, que trata de homenaxear a estes pequenos valentes, ás súas familias e aos profesionais sanitarios que os tratan, ademais de a todas aquelas persoas e asociacións que fan máis levadía a estancia no hospital, con actividades lúdicas e entretendo aos nenos e nenas.

Este ano, marcado polo coronavirus, os profesionais de pediatría elaboraron un vídeo moi especial, uníndose ao obxectivo da Fundación Atresmedia.



Ver noticia [AQUÍ](#)



Ver [vídeo](#)



VID-20200513-WA0016.mp4



Día mundial Do Doante , con ALCER Lugo

Co lema ‘Doar é amar’, o mércores, 3 de xuño, celébrase o Día Nacional do Doante de Órganos e Tecidos, unha efeméride instituída en 1979 pola Federación Nacional de Asociacións para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (Federación Nacional ALCER) e impulsada pola Unión de Trasplantados de Órganos Sólidos a (UTxS) para homenaxear aos doantes e aos seus familiares e sensibilizar á sociedade sobre a necesidade da doazón, acto altruísta, que salva cada ano miles de vidas, e contribúe a mellorar a calidade de vida dun gran número de pacientes.

O HULA sumouse con discreción e axustándonos á normativa Covid -19. Dende o servizo de Hemodiálisis xerminouse unha creatividade sinxela pero moi simbólica, que parte dunha enfermeira da unidade, cun toque artístico pero moi profundo , representou unha árbore da vida con cores suaves e das súas ramas desprendíanse diversos órganos susceptibles de poder ser substituídos, o Xerente, acompañado do equipo directivo, profesionais de Hemodiálisis e membros da Asociación de enfermos renais lucenses (ALCER LUGO) plasmaron frases en consonancia á celebración.



Aniversario a pacientes Covid

Os profesionais do HULA dedicáronlles mostras de agarimo, ben por interfono, ou ao seu lado, malgastaron empatía en todo momento, fixeron sentir importantes aos pacientes e, o mellor, estaban con eles, eran os seus coidadores e a súa “familia” que lles faltaba, envorcáronse con eles! Todos os días, ás oito da tarde, poñíanlles a canción do Dúo dinámico “Resistirei”.



Ver noticia [AQUÍ](#)



más [información](#)

Enfermeras anti COVID-19 en Lugo: cantan al paciente o telefonean a sus nietos

En el HULA, los cuidados son más humanos cada día e incluso entregan cartas de ánimo a los hospitalizados para luchar contra el aislamiento



Nesta imaxe pódense ver sanitarios entonando a través do interfono o cumpleaños feliz a un paciente aillado

Altas a pacientes Covid

Os profesionais celebraron con aplausos cando os pacientes emocionados e agradecidos retornaban coas súas familias, deixando atrás un proceso altamente infeccioso e complicado, así se celebrou a vitoria dunha muller de 101 anos sobre o Covid-19, a paciente de máis idade en vencer ao #coronavirus na provincia de Lugo.



Ver noticia [AQUÍ](#)



MÁS [INFO](#)

<https://www.youtube.com/watch?v=-nl35XLCJxc>

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2020/04/07/recibe-alta-primer-paciente-ingresado-coronavirus-uci-hula/00031586258263724485518.htm>

Agradecementos compartidos

A medida que o mundo continúa enfrontando unha crise sen precedentes, está a xurdir unha tendencia inspiradora: as persoas en todas partes queren axudar.

De feito, a pandemia foi un momento de agradecemento mutuo, por unha banda, as procuras sobre “como axudar” aos traballadores da saúde, transportistas, o persoal de servizo de alimentos, os socorristas e os docentes, forzas de seguridade, todos os traballadores considerados esenciais, nunca aumentaron tanto como agora. E os sanitarios, á súa vez, agradecen ese recoñecemento compartido, é un agradecemento transformador, é dicir, respirouse unha gratitude entre os propios profesionais desde os servizos non Covid que interaccionaban cos Covid, contribuíndo con xestos motivadores, imprimindo forza e esperanza. A continuación podemos ver exemplos de agradecemento desde distintos sectores da sociedade lucense que se achegaron ao HULA, amosando mostras de agarimo. Forzas de seguridade, corpo de correos, bombeiros e protección civil, sector de transportes sanitarios...Os médicos da UCI renden homenaxe a enfermeiros, auxiliares e celadores . Ver noticia [AQUÍ](https://youtu.be/4Qaom-ke4Q) <https://youtu.be/4Qaom-ke4Q>




Ver noticia [AQUÍ](https://youtu.be/4Qaom-ke4Q)

Más [información](#)

<https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/trabajadores-correos-lugo-aplauden-personal-sanitario-hula/202004092026041432730.html>

Pésame da Xerencia ás familias con falecidos por Covid

A Xerencia da área Sanitaria Lugo, A Mariña e Monforte decidiu trasladar un pésame personalizado a todas as familias da provincia de Lugo con falecidos por Covid-19. Trátase dunha manifestación de agarimo coa que se pretende arroupar as familias que deben despedir os seus seres queridos en obrigada soidade, debido ao estado de alarma, no marco desta iniciativa, desde a área de Humanización fíxoselle chegar ás familias unha carta persoal do Xerente, en nome de todos os traballadores, na que lles traslada as condolencias, co obxectivo de estar á beira das familias e facelas sentir acompañadas no seu duelo. Na carta indícaselles nº de teléfonos dispoñibles, dependendo da zona da área sanitaria, nos que atoparían axuda psicolóxica.



Homenaxe aos profesionais falecidos. Dous minutos de silencio para lembrar aos sanitarios falecidos por covid-19. A entrada principal do HULA acolleu un acto simbólico que rematou en aplausos.



Minuto de silencio por vítimas de Covid-19 no HULA

Outro día fíxose un minuto de silencio polas vítimas de Covid-19 no HULA. Sanitarios e policía gardaron, ás portas de urxencias do HULA, un minuto de silencio en homenaxe ás vítimas da pandemia do coronavirus.



Xestos solidarios para coa poboación máis vulnerable

Tamén o HULA achegou o seu grao de area coas familias con menos recursos, así o horto solidario do HULA repartiu, en tempos Covid, 1000 Kg de produtos da horta que se doou ao Banco de Alimentos, tamén esta entidade foi receptora de produto fresco, resultado dunha iniciativa solidaria cuxo obxectivo

Obxectivo:
FAME CERO

Un proxecto dirixido a paliar a repercusión na seguridade alimentaria e nutricional para moitas familias así como promover unha agricultura sostible!

Contribúe connosco a cubrir unha necesidade básica como é a nutrición e ofrecer alimentos frescos á poboación máis desfavorecida, engadindo un plus de saúde e reforzando unha dieta sa.

“Fame cero” despertou a cara máis solidaria dun grupo de traballadores do HULA.

Melloras na estancia hospitalaria.

Axudas aos profesionais garantindo a seguridade

A cadea de solidariedade estendeuse ás unidades de hospitalización, ofrecendo dietas gratuítas para acompañantes de pacientes maiores e de escasos recursos e televisión gratuíta para facer máis levadío o ingreso.

Estadías hostaleiras para os traballadores e dispositivos de asesoramento os traballadores

Presenza nas redes sociais. Conversacións optimistas coa Fundación Hospital Optimista.

Durante os meses de maio e xuño puidéronse ver unhas conversacións con profesionais da sanidade que se enfrontaron á crise da COVID 19 desde distintas fronteas, distintas situacións, distintas perspectivas, distintas zonas de España e mesmo do estranxeiro. A continuación nesta ligazón pódese ver un resumo das súas impresións, que nos ofrecen unha visión variada do vivido durante a pandemia e un panorama global do que aprendemos desta crise e do que cambiou para sempre na nosa forma de facer as cousas. A área de Humanización de Lugo séntese moit agradecida á Fundación Hospital Optimista, por darlle esta oportunidade de compartir a súa experiencia Covid -19

Ver [enlace](#) y máis [información](#)

https://www.facebook.com/pg/Hospital-Universitario-Lucus-Augusti-194923037192641/posts/?ref=page_internalhttps://www.facebook.com/genrsan/



Conclusións. O positivo de la pandemia

O efecto da COVID-19 pasará á historia, suporá un antes e un despois. Pero dentro da “nova normalidade” porque o virus segue estando aí, dentro dos cambios estruturais e sociais que vai representar, pódense sacar algúns aspectos positivos:

1. Chegou o momento da telemedicina, TELEA configura unha ferramenta consolidada.
2. Reforzo do empoderamento e autocuidado. Implica maior corresponsabilidade do paciente .
3. Reflexión profunda e solidariedade, a solidariedade é fecunda e rendible para a sociedade.
4. Unha Humanización máis patente, refórzase a seguridade do paciente e do profesional é máis dixitalizada, a tecnoloxía é un medio para un cambio.

Exemplos de elo son o [Proxecto VIVIR da Fundación Theodora](#) e o [Proxecto de Humanización de Oncoloxía](#) viraron a formato virtual, xa en desenvolvemento no HULA.

5. Potenciou, se cabe, aínda máis as relacións humanas dos profesionais sanitarios e os seus pacientes, unha mostra diso é a experiencia post-alta dunha paciente ingresada de Covid e a súa enfermeira, noticia de longo alcance, que editou o xornal o MUNDO Ver [LIGAZÓN MÁIS INFORMACIÓN](#)

